

ABRACA DABRA

SER OU NON SER

**PASATEMPOS:
CHISTES, ENCRUCILLADOS,
XEROGLÍFICOS...**

GALERÍA DE FOTOS

CONTO

EXPERIMENTO

QUE HAI DE NOVO?



Algúns cren que puido tratarse de... Ah! Ola! Non vos vin chegar. Xa me coñecedes, cando me pica a curiosidade é coma se o mundo deixase de existir ao meu redor e esa curiosidade absórbeme de tal modo que non podo parar de investigar ata que dou coa solución. Vaaale, ou ata que me chama a miña nai para mandarme algo...

Siii, siii. Xa vos conto. Non me apuredes. Non vos pasa que cando ledes un libro metédesvos tanto na pel do protagonista que vos parece todo tan real que pensades: Isto tivo que pasar e a personaxe tivo que existir. Si, si. Seguro que existiu? E entón poñédesvos a buscar e por moito que investigades sobre o protagonista non conseguídes chegar a saber de certo se foi real ou só produto da imaxinación dun bo escritor. Pois ese momento no que a realidade e a ficción se funden, coma se a personaxe do libro atopase un túnel que comunicase ambos os mundos é tan fascinante que a cabeza parece dar-me voltas. Unha sensación de estraño mareo apodérase de min e soño con poder chegar a formar parte dese estraños seres que nunca chegarás a saber se existiron realmente. E, nesas estou. Fíxenme unha listaxe con algunhas personaxes que me intrigan e estou a tentar pescudar se foron reais, se son totalmente imaxinadas ou se forman parte dese mundo de lenda, na fronteira entre a realidade e a ficción. Unídesvos?

O primeiro na miña lista é o rei Arturo, que supostamente viviu entre os séculos V e VI, e que, polo que estiven a ler, hai quen defende a súa existencia, baseándose en dous documentos medievais: a Historia Brittonum (século IX) e os Annales Cambriae (século X) e nunha pedra lousa cunha inscrición, probablemente do século VI, na que aparecía un nome latinizado "ARTOGNOV", que corresponde ao céltico Arthnou (Arturo), atopada por arqueólogos da Universidade de Glasgow no castelo de Tintagel. Con todo, ningunha delas parece ser suficientemente fiable para asegurar que Arturo realmente existiu. Pero tampouco para confirmar que non foi así...

En fin, pasemos á seguinte. Mulán. Hua Mulan é a protagonista dun poema chinés escrito durante a dinastía Tang. Pero, ese poema ten base histórica? Pois non se sabe. De feito, aínda que o poema está ambientado na dinastía Wei do Norte, outras versións sitúano noutros momentos. Así, tamén, hai quen sostén que foi concubina do emperador Sui Yangdi durante a dinastía Sui, ou que o poema se refire á princesa guerreira Fu Hao, da dinastía Shang. Neste último caso, hai que dicir que esta princesa si que existiu pois atopouse a súa tumba. Entón, Mulán foi real ou non? Pois, moitos historiadores e investigadores din que se trata tan só dunha lenda. Con todo, outros apuntan a que foi real... Encántame!

Ahhh! E que me dices do monstro do lago Ness? Si, si. De Nessy. Pois, hai máis de 1000 testemuños que aseguran que o viron e unha chea de probas inexplicadas, inexplicables ou... vaite ti a saber. Aínda que despois de repasar todos os testemuños e fotografías tomados desde que Nessy foi vista por primeira vez, parece que a idea máis razoable é que en todas esas ocasións se trate dunha pareidolia (fáciame ilusión meter unha palabra rara...) que vén ser un efecto psicolóxico que nos fai ver figuras recoñecibles onde non as hai, pola asociación de formas ou cores. Pero claro, a idea máis razoable non ten por que ser a correcta... non si? Quen sabe...

E, que opinades de Robin Hood? E de Mafalda? E Phileas Fogg? A Raíña Lupa? Alicia, Don Quixote, Sherlock Holmes, Robinseon Crusoe,...

Poida que algúns sexan reais, que outros sexan ficción, pero sen dúbida cando atopo unha personaxe que camiña por esa liña divisoria entre ambos os mundos quédame unha sensación indescribible. Seica pode o imposible ser posible? A maxia nunca foi tan forte...

Se atopades algunha outra personaxe que habite ambos os mundos, por favor, dicídemo. Podedes deixarmo, como sempre, na Biblioteca Infantil e Xuvenil.

Vémonos no próximo número!!!




PASATEMPOS

E xa estamos aquí de novo cos pasatempos que estabades a esperar.

ENCRUCILLADO*

Para empezar propoñémosvos que resolvades este encrucillado. Seredes capaces? Seguro que si!!!



Horizontais

1. Nena que ao ver a un coello branco con moita présa empeza a perseguilo para saber onde chega tarde.
2. Raíña de Arendelle e irmá maior de Anna, ten poderes sobre o xeo e a neve.
3. Creceu na selva e foi criado por gorilas.
4. Pai de Telémaco e un dos heroes lendarios da mitoloxía grega.

Verticais

1. O vampiro máis famoso de todos os tempos, protagonista dunha novela de Bram Stoker.
2. Raíña ... personaxe da mitoloxía galega que ademais dá nome a un Premio de Literatura Infantil e Xuvenil que convoca a Deputación da Coruña.
3. Nena cun gran talento para contar contos e que viaxa cos seus irmáns ao país de Nunca Xamais.
4. Home con dous pelos que xunto ao seu compañeiro ingresa na T.I.A. unha desastrosa axencia secreta, ás ordes do Súper. Habitualmente viste con pantalón vermello e camisa branca.

CHISTES

E aquí están os chistes que nos fostes deixando para rir a esgalla.

- ¿Cuál es el colmo de un libro?
- Que en otoño se le caigan las hojas.

— Creo que Gabriel García Márquez es el mejor escritor que jamás he leído.

- ¿Sí? ¿Cuál de sus novelas te gustó más?
- ¡Te estoy diciendo que jamás lo he leído!

Dos hombres se encuentran y uno le dice al otro:

- Oye, no me gusta nada tu novela.
- Es un ensayo.
- Pues ensaya más porque no me gusta nada.

Entra un hombre en una librería y pregunta:

- ¿Tienen libros para el cansancio?
- Ahora mismo están todos agotados.

Entra un hombre en una biblioteca y pregunta:

- ¿Tienen algo de Hemingway?
- Sí. "El viejo y el mar".
- Creo que me llevaré el mar.

Dos amigos en una biblioteca:

- ¿Qué estás leyendo?
- El Principito.
- Tío, no seas burro. Se dice prólogo.


XEROGLÍFICOS*

E, agora, uns xeroglíficos para os máis avezados:



ILUSIÓN ÓPTICA*

Que ves nesta imaxe?



Solucións para os pasatempos marcados cun * na derradeira páxina.


GALERÍA DE FOTOS

Algúns dos participantes do **Taller de Pintura** deste verán. **Que artistas!!!**



Esta fermosa fotografía, gañadora do concurso **“Que non pare o conto”**, foi tomada no Mirador Ventá ao Atlántico (na cidade da Coruña), lendo Noa o libro «Uno debe morir» de Diana Urban.

Noa Sanjurjo Silva, recibindo o premio do concurso **“Que non pare o conto”**. Parabéns!



EXPERIMENTO MÁXICO

Sorprende amigades e familiares con este divertido experimento que nos presenta a fantástica Matilda. Seguro que vos divertides unha chea!

EL HUEVO SALTARÍN

Aunque tus padres no sean como los de Matilda, puedes probar con ellos estos **divertidos experimentos** con huevos. ¡Seguro que **se divierten un montón!**

GRADO DE DIFICULTAD:

VAS A NECESITAR:

- UN HUEVO COCIDO
- UN CUENCO GRANDE
- VINAGRE BLANCO
- AGUA

SUPER consejo Tienes que empezar a preparar este truco **tres días** antes de realizarlo ante tu público.

Qué hay que hacer:

1 Pon el huevo cocido dentro del cuenco y **cúbrelo totalmente con vinagre**. Déjalo reposar durante tres días.


2 Cuando hayan pasado los tres días, saca el huevo del cuenco y **enjuégalo en agua para quitar los restos de cáscara** (debería haberse disuelto).

3 El huevo tendría que tener una **textura gomosa** y tú deberías ser capaz de hacerlo rebotar. **Asegúrate de que es así antes de enseñárselo** a tus espectadores (y, después, sorpréndelos con tu huevo saltarín!

DATO GENIAL DE Matilda

La **cáscara** de huevo está hecha de **carbonato de calcio**, mientras que **el vinagre es ácido acético**, por lo que ambos reaccionan entre sí. La cáscara del huevo se disuelve, pero la **membrana de su interior** permanece intacta, haciendo que el huevo tenga una textura gomosa.

84



Este experimento tan sorprendente, e moitos máis, poderás atopalos no libro de Roald Dahl "Cómo ser un genio con Matilda".


Disponible na biblioteca. Sinatura 5 DAH cóm / v

Agora a gozar con este fantástico conto que nos escribiu Inés. Será realidade ou ficción? Que pensades?

Diente de dragón

Un día cuando me desperté estaba en medio dun bosque. Miré, cerca había una cueva y decidí encaminarme hacia ella para resguardarme del frío y mañana ir a pedir refugio. Me acosté cerca de la entrada. De repente, en medio del silencio escuché un ruido. Me adentré más y encontré espadas y escudos tirados; cogí una de cada y al alzar la mirada vi un gran dragón dispuesto a matarme. Luché contra él lo que me parecieron horas, hasta que con un poco de esfuerzo, lo maté y me llevé un diente suyo como trofeo. De repente me desperté, todo habría sido un sueño si no hubiera un diente de dragón en la mejilla.

FIN



QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** Volver os talleres! De momento aquí vos deixamos dous dos de máis éxito: o “Taller de Robótica e Programación” para a nenez de 9 a 14 anos e o taller de “Lego Wedo” para 7 e 8 anos. Infórmate na Biblioteca.

* Comezamos co **BONOLIBRO!** Para participar só tes que cubrir as 15 casas que che propoñemos e se o finalizas poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca. Anímate!

* **SUXESTIÓNS.** Se desexas que a Biblioteca conte con algún libro, DVD, revista,... podes encher o **impreso de DESIDERATAS** e estudaremos a túa petición.

* Lembra que podes facer as vosas **RESERVAS E RENOVACIÓNS** dos libros, DVD e revistas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tes máis de 15 anos e queres solicitar o préstamo dixital de libros, é moi sinxelo, só precisas un correo electrónico e un dispositivo compatible (ordenador persoal, teléfono móbil, tableta ou lector de libro electrónico) e poderás descargar contidos e ler en liña. Infórmate na biblioteca.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas...déixaas na Sección InfantilXuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.


Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

Síguenos en



www.dacoruna.gal/biblioteca

SOLUCIÓNS DOS PASATEMPOS



ENCRUILLADO

Horizontais: 1. Alicia / 2. Elsa / 3. Tarzán / 4. Ulises

Verticais: 1. Drácula / 2. (Raiña) Lupa / 3. Wendy / 4. Filemón

XEROGLÍFICOS

“A illa do tesouro”, e “A volta ao mundo en 80 días”.

ILUSIÓNS ÓPTICAS

Podes ver unha copa se te centras na cor negra ou dúas caras se lle prestas atención á cor branca.